

Unha obra maior

Sinala nalgún libro Xurxo Souto que A Coruña é unha cidade que el considera resumo ou síntese de Galicia, unha cidade de músicos e navegantes. Abofé que o perfil da cidade e das súas xentes, metáfora de Galicia nesta ocasión, desde os últimos decenios do século XIX até tempos contemporáneos, vén de trazarse con pulcritude e emoción neste agardado *Os libros arden mal*; sen dúbida unha obra maior, ambiciosa e tan rotunda como a súas case que oitocentas páxinas, nas que Rivas opera cun escalpelo sutil, cun cicel case que invisible, na superficie da nosa historia e intrahistoria, nun fondal da memoria –auténtica sinerxia protagonista do texto, xunto coa propia linguaxe e os libros, claro é, como fonte simbóli-

Cando os libros arden mal




RAMÓN NICOLÁS

tismo. *Os libros arden mal*, así pois, proponnos, pasear por un gume arriscado e cheo de intención do que resulta imposible saír indemne, isto é, non saír emocionado ou arroubado das súas páxinas. Nelas asistimos a unha viaxe no tempo que se sitúa desde a morte de George Borrow, que fora enviado pola Sociedade Bíblica para espallar a Biblia, até a morte de Polca, un vello anarquista de lembranza inmorredoiro, como tan-

so –ao fin e ao cabo é unha historia –ficcional?– da cultura, unha historia “dramática” da cultura–deseña activamente, e cara aí converxen todos os esforzos, unha denuncia dos totalitarismos, da barbarie fascista, trezada sutilmente nun movemento circular que vai e vén descubriendo novos ángulos na que, ao meu parecer, é quen de manter o ritmo narrativo facendo uso dunha estrutura que permite establecer unha lectura progresiva e lineal, mais tamén unha outra lectura pois todos os fragmentos capitulares posúen unha independencia autónoma que así o permite, aínda que é ao final, case que imperceptiblemente, cando todo este friso cobra cabal sentido. Rivas, neste sentido, sabe que escribe para lectores do século XXI, para lectores tamén do futuro, e velaí como é

quen de esixir que estes sexan partícipes activos da historia, das historias que aquí se ofrecen, ao entender que a novela é, pode ser, unha plataforma que permite a incorporación efectiva e operativa de recursos e fragmentos tirados doutros xéneros –composicións poéticas, paratextos teatrais, ensaios (brillantísimo o que fai referencia á homenaxe que as elites franquistas tributan a Carl Smitt, xurista do III Reich), o western...–, todo enfiaado para erixir unha



ca de vida e liberdade– no que escolca para que aflore o máis doloroso ás veces, o tantas ocasións oculto noutras, tamén o máis fermoso.

Hai libros cuxa lectura suscita algunhas reflexións, que xa resultan abondo para deseñar a súa orientación, os seus valores, os seus deméritos –se os ten-. Neste caso, articular un discurso que recolla –ou resume– o que significa esta achega erixese como un labor nada doado debido á súa polifonía, ao seu cromat-

tos personaxes tanxibles, de carne e óso, construídos a partir da emoción e o sentimento, coas súas contradicións, grandezas e miserias, como o xuíz Samos, Curtis, Héctor Ríos, Chelo Vidal, Ó ou Gabriel, entre tantos outros, pois o autor non esquece cederlle a voz ás vidas modestas nas que paira algo extraordinario.–

Con todo, non todo son personaxes, pois tamén se repara nos obxectos, nas cousas –unha cámara, a auga a moverse, as lapas a axitárense...– pois esta é unha novela que alén de alicerzarse nun argumento ambicio-

**UN ARGUMENTO
AMBICIOSO, UNHA
HISTORIA
“DRAMÁTICA” DA
NOSA CULTURA**

gran novela da que me atrevo a sinalar que constituirá unha desas propostas que, fóra das positivas percepcións inmediatas que suscita en crítica e público, irá gañando en dimensión e relevancia en anos vindeiros.

RIVAS, Manuel, Os libros arden mal, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 741 páxinas